

ANEXO IV

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

| | | | | | |
|--|--------------------|-------------------------|--------------------------|------------|--|
| | | | | EXPEDIENTE | |
| TITULAR DA CONTA | | | | DNI/NIF | |
| ENDEREZO | | | | | |
| PROVINCIA | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | | |
| DATOS DA CONTA | | | | | |
| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA CORRENTE | | |
| NOME | | ENDEREZO (RÚA E NÚMERO) | | | |
| PROVINCIA | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | | | |
| <p>CERTIFICO: Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.</p> <p style="text-align: center;"><i>Lugar e data</i></p> <p style="text-align: center;">_____, de _____ de _____</p> <p>SINATURA DO/A SOLICITANTE SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA</p> | | | | | |

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 12.1º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, define os parques naturais como aquelas áreas naturais pouco transformadas polas actividades humanas que, en razón da beleza dos seus sitios, da representatividade dos seus ecosistemas ou da singularidades da súa flora, fauna ou formacións xeomorfolóxicas, posúen uns

valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente. Esta lei prevé a posibilidade do establecemento dun réxime de axudas para a poboación residente no espazo natural protexido ou na súa área de influencia socioeconómica. Desta maneira, xunto coa creación dun instrumento xurídico regulador da conservación da natureza, posibilitouse a creación dun instrumento financeiro orientado ao fomento daquelas actividades ou accións que melloren e promocionen as zonas incluídas nos espazos naturais para o incremento da calidade de vida dos moradores. Así mesmo, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, reproduce de xeito case literal, no seu artigo 30.1º, a definición de parque natural. Asemade, no seu artigo 5º establece como deber dos poderes públicos a promoción da participación e das actividades que con-

tribúan a acadar os obxectivos citados neste texto legal, así como a promoción das medidas fiscais de incentivación das iniciativas privadas de conservación da natureza e de desincentivación daquelas con incidencia negativa sobre a conservación da biodiversidade e o uso sustentable do patrimonio natural.

Ademais, esta orde sirve como instrumento útil para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 30.2º da Lei 9/2001, que establece que a Xunta de Galicia propiciará o desenvolvemento de actividades tradicionais e fomentará outras compatibles coa conservación do espazo de que se trate, co obxecto de contribuír ás melloras da calidade de vida dos seus habitantes e ao desenvolvemento sustentable das áreas de influencia socioeconómica.

Na actualidade, na Comunidade Autónoma de Galicia existen seis parques naturais declarados: Baixa Limia-Serra do Xurés, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, O Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra. Tras a modificación do ámbito territorial do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, mediante o Decreto 401/2009, do 22 de outubro, a superficie total dos parques naturais declarados en Galicia abrangue unha extensión de 49.086,76 ha.

Todos os parques naturais contan cos seus plans de ordenación dos recursos naturais (PORN), constituíndo estes instrumentos un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física.

Tanto nos diferentes decretos de declaración do parque natural como nos decretos de aprobación dos seus respectivos instrumentos de ordenación se establece a necesidade e a obriga de conservación dos valores naturais das zonas declaradas, estando prevista a creación de diferentes liñas de incentivación que permitan compatibilizar a preservación da biodiversidade, hábitats naturais, flora e fauna silvestres co necesario desenvolvemento das zonas declaradas.

Por outra parte, o Plan de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para a etapa 2007-2013 constitúe a resposta ás disposicións do Regulamento (CE) nº 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), sendo un dos seus obxectivos prioritarios a promoción dun desenvolvemento rural sustentable en toda a comunidade a través de actuacións orientadas cara ao crecemento, a creación de emprego e o desenvolvemento sustentable, focalizando os recursos nas medidas que fagan de Europa en xeral e dos seus estados membros en particular un lugar máis atractivo para investir e traballar, fomentando o coñecemento e a innovación como motores do crecemento.

O PDR articúlase en catro eixes fundamentais de actuación, que corresponden cos enunciados no Regulamento 1698/2005, dos cales, o segundo deno-

mínase mellora do ambiente e do contorno natural. Neste senso, considérase que as denominadas axudas a investimentos non produtivos (medida 21600 do PDR) poden constituír un mecanismo idóneo de intervención nestas zonas. Estas actuacións están dirixidas a contribuír á biodiversidade e á preservación dos ecosistemas de alto valor natural, garantíndose a compatibilidade cos valores naturais que hai que protexer en cada zona e o mantemento dun estado de conservación favorable para os hábitats e as especies de interese de cada espazo dentro dos parques naturais galegos, ou para aumentar, nas explotacións agrícolas, o valor de recreo público.

O que se pretende coa publicación destas axudas é dar resposta a estes obxectivos, fomentando e aumentando o papel das persoas físicas (propietarios, arrendatarios...), comunidades de montes veciñais, asociacións, empresa e concellos á hora de levar a cabo este tipo de accións, na súa calidade de propietarios agrícolas ou de entidades xestoras de terras.

O réxime xeral das axudas e subvencións na nosa comunidade autónoma establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a normativa principal está representada polo recente Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e que derogou de xeito expreso o Decreto 287/2000, do 13 de xuño, de réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

O Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, en relación co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, atribúenlle á dita consellería, dentro das súas competencias, as referidas á conservación da natureza e o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos.

De acordo co anteriormente exposto, respectando os contidos da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, da Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, en concordancia co disposto no artigos 27.12º, 15 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto das axudas e principios de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas no ámbito dos parques naturais

dirixidas a fomentar o desenvolvemento socioeconómico sustentable das terras agrícolas e á mellora da calidade de vida das poboacións locais situadas dentro destes espazos protexidos ou nas súas áreas de influencia socioeconómica por medio de accións que contribúan á mellora das paisaxes, á recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais, a aumentar o valor de recreo público destas zonas de alto valor natural, á preservación de hábitats ou ecosistemas ou á loita contra a erosión, entre outras, e proceder á súa convocatoria, correspondentes aos exercicios orzamentarios dos anos 2010 e 2011.

2. Para os efectos desta orde, entenderase por área de influencia socioeconómica do parque natural todo aquel municipio que teña toda ou parte da súa superficie dentro dun parque natural.

3. As axudas previstas nesta orde outorgaranse de conformidade cos criterios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non-discriminación, atendéndose a criterios de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e á eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos segundo o establecido no artigo 5.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Consonte co anterior e mais co artigo 6.3º da Lei 9/2007, esta orde publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural: <http://mediorural.xunta.es>.

Artigo 2º.-*Actividades subvencionables.*

1. Son actividades obxecto das axudas reguladas por esta orde as seguintes accións, segundo a seguinte clasificación:

Grupo I.-Mellora da paisaxe agraria e desenvolvemento de usos recreativos:

I.1. Limpeza e restauración de camiños de acceso aos predios.

I.2. Sinalización de camiños.

I.3. Creación e mellora de infraestruturas de uso público e de acollida ao visitante tales como rutas, áreas recreativas, zonas de espaxamento e outras de similar natureza.

Grupo II.-Recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional:

Protección e restauración de elementos de valor patrimonial nas explotacións: hórreos, milladoiros, cabanas, muros e fontes.

Grupo III.-Preservación de hábitats ou ecosistemas:

III.1. Sistemas de condución e drenaxes próximos ás zonas de acceso.

III.2. Investimentos destinados á preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes.

III.3. Mantemento de sebes nos bordos das zonas comúns.

III.4. Conservación das poboacións de especies protexidas, defensa, restauración e melloras de hábitats. Recuperación de soutos, fragas e outras masas autóctonas arborizadas.

Grupo IV.-Loita contra a erosión:

IV.1. Establecemento e mantemento de vexetación en zonas de alta pendente en áreas agrícolas degradadas ou incendiadas.

Grupo V.-Accións, actuacións, actividades ou medidas de educación ambiental e edición de material pedagóxico, promovendo a formación e o fomento da sensibilización ambiental, nos parques naturais ou nas súas respectivas áreas de influencia socioeconómica.

2. En ningún caso se subvencionarán aquelas actuacións que non sexan respectuosas coas prescricións do Plan de ordenación do parque natural, que incidan negativamente no desenvolvemento do parque, da súa contorna ou na zona de influencia socioeconómica. Así mesmo, non se subvencionarán os gastos de adquisición de edificios nin terreos, nin os gastos xerais de funcionamento ou equipamento dos solicitantes, senón os propios do desenvolvemento das actividades e actuacións obxecto das axudas.

3. Todas as accións, obras ou traballos deberán atoparse situados dentro do perímetro do parque natural ou da zona de influencia socioeconómica, priorizándose as accións que se realicen dentro do parque sobre aquelas outras que estean fóra.

Artigo 3º.-*Contía das subvencións.*

1. O importe máximo da subvención, de acordo cos investimentos que se efectúen, será:

-No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, unha comunidade de montes veciñais en man común, unha asociación ou empresa, e para actividades do grupo I, II, III e IV, ata un máximo de 18.000 euros por proxecto e un proxecto por beneficiario.

-No caso de que o solicitante sexa un concello, e para actividades do grupo I, II, III e IV, ata un máximo de 120.000 euros por concello sendo 30.000 € o máximo por proxecto e un proxecto por cada un dos grupos de actividades do artigo 2º.

-No caso de actividades do grupo V, ata un máximo de 6.000 euros por solicitude, independentemente do carácter do solicitante.

2. No caso de que o solicitante da axuda sexa persoa física, comunidade de montes veciñais en man

común, asociacións ou empresas, subvencionarase o 70% do custo subvencionable da obra ou acción.

3. No caso de que o solicitante sexa un concello se subvencionara o 100 % do custo subvencionable da obra ou acción.

4. Todo gasto se deberá suxeitar ao establecido nos criterios relativos á subvencionalidade dos gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural (PDR) cofinanciados polo Feader, recollidos no Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar gastos no marco dos PDR financiados con Feader.

5. O IVE non será subvencionable.

6. Ao abeiro do disposto no artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o gasto subvencionable supere os 30.000 euros, no caso de obras, ou 12.000 euros no suposto de subministracións de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o solicitante deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou o presten. A elección entre as ofertas presentadas realizárase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Neste último caso, a Consellería do Medio Rural poderá solicitar unha taxación pericial do ben ou servizo, e serán por conta do beneficiario os gastos que se ocasionen. En tal caso, a subvención calcularase tomando como referencia o menor dos dous valores: o declarado polo beneficiario ou o resultante da taxación.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde, en relación coas actividades subvencionables descritas no artigo 2º desta orde, os seguintes:

a) As persoas físicas que residan e/ou que sexan propietarios de terreos nalgunha das parroquias total ou parcialmente incluídas no parque natural; titulares, propietarios ou arrendatarios de explotacións agrarias, gandeiras situadas dentro do parque natural, para as actividades incluídas dentro dos grupos I, II e III. Tamén poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares dos dereitos referidos na zona de influencia socioeconómica, segundo as disponibilidades orzamentarias.

b) As comunidades de montes veciñais en man común, situadas total ou parcialmente no parque natural, legalmente constituídas e inscritas no rexis-

tro xeral existente para o efecto, para as actividades incluídas dentro dos grupos I, II, III e IV.

c) As asociacións con sede social ou, como mínimo, co 50% dos seus socios con residencia nalgún dos concellos onde se sitúe o parque natural, o que deberá xustificarse documentalmente, para as actividades incluídas dentro dos grupos I, II, III, IV e V.

d) As empresas que teñan o seu domicilio fiscal nalgún dos municipios en que se sitúe o parque natural constituídas con anterioridade á publicación desta orde, priorizándose aquelas con domicilio fiscal dentro do parque natural, para as actividades incluídas dentro dos grupos I, II, III, IV e V.

e) Os concellos que teñan toda ou parte da súa superficie dentro do parque natural, para as actividades incluídas dentro dos grupos I, II, III, IV e V.

2. Non poderán ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou fosen sancionados pola Consellería do Medio Rural pola comisión de infraccións en materia de conservación da natureza, no prazo dun ano se a infracción foi cualificada como leve, tres anos se foi cualificada como grave ou cinco anos se foi cualificada como moi grave.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes de subvención dirixiranse á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural, e presentaranse debidamente asinadas e por duplicado, segundo o modelo que figura como anexo I, en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Este modelo de solicitude estará á disposición dos interesados en calquera dos servizos de conservación da natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, así como na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, e tamén o poderán atopar na páxina web desta consellería: <http://mediorural.xunta.es>.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo día ordinal do día da publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

3. Consonte o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos sinalados, requirirase o interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

4. Soamente se poderá presentar unha solicitude por titular e para un único grupo de actividades (I, II, III ou IV) das incluídas no artigo 2.1º desta orde, agás no caso dos concellos que poderán presentar un proxecto por cada grupo de actividades.

5. No caso de actividades do grupo V presentarase unha solicitude independente coa súa memoria correspondente.

Artigo 6º.-Documentación para presentar coa solicitude.

1. Os interesados en obter estas axudas deberán achegar a seguinte documentación por duplicado:

1.1. Para todo interesado:

a) Copia do DNI ou NIF do solicitante debidamente compulsada (só no caso de non autorizar, no impreso de solicitude da axuda, anexo I, a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia) e, se procede, acreditación da representación do solicitante por calquera medio válido en dereito de acordo co disposto no artigo 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

b) Certificado de empadramento. (Só no caso de non autorizar, no impreso de solicitude da axuda, anexo I, a consulta dos datos relativos ao domicilio ou residencia no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia).

c) Certificación bancaria orixinal onde figure o número de conta en que se desexe cobrar a axuda (anexo III).

d) Copia do anteprojecto ou memoria técnica asinada polo técnico competente xustificativa das accións, que conterà, como mínimo, a descrición dos traballos e actividades, planos de situación e detalle, orzamento polo miúdo e co IVE desagregado, sinalando de ser o caso a utilización de medios propios e a porcentaxe de utilización destes, calendario e prazo aproximado de execución.

Cando a axuda solicitada sexa aprobada e o investimento supere os 12.000 €, presentarase, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda, un proxecto, cos mesmos datos que o documento descritivo, asinado polo técnico competente.

e) Autorizacións ou permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas para esta mesma finalidade, polas distintas administracións públicas ou entidades dependentes destas. (Anexo V)

1.2. Deberase presentar, ademais, a seguinte documentación complementaria, dependendo da natureza do beneficiario:

a) Acreditación da titularidade dos predios ou certificación do titular para a súa dispoñibilidade.

b) No caso de arrendatarios, documento que acredite esa condición.

c) No caso de comunidades de montes veciñais en man común, certificación do acordo da asemblea xeral conforme autoriza a xunta reitora para solicitar axudas. Comprobarase de forma interna, na Sección Provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, a posesión dos estatutos en regra, figurando a composición da xunta reitora actualizada consonte os parámetros da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da antedita lei.

d) No caso de asociacións, acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar axudas á Consellería do Medio Rural. Comprobarase de forma interna, a inscrición no Rexistro de Asociacións. Achegarase certificación do concello ou documento semellante que acredite que máis do 50% dos socios reside nalgún dos concellos do parque natural.

e) No caso de empresas ou autónomos:

-Documento acreditativo que xustifique estar de alta no IAE, cando proceda. No caso de que non proceda, certificado do concello conforme realiza a súa actividade no parque natural correspondente.

-Acreditación de posuír a sede social nalgún municipio do parque natural correspondente.

f) No caso de concellos, certificación expedida polo secretario relativa á resolución adoptada polo órgano local competente, na cal se dispón solicitar a subvención regulada nesta orde.

g) No suposto de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varios copropietarios, deberá presentar:

-Acreditación da titularidade do terreo de cada copropietario.

-Documento que acredite o consentimento de todos os copropietarios.

-Representación do solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.

h) Se a construción está catalogada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural solicitarase, de forma interna antes da aprobación da axuda, á dita dirección xeral informe da dispoñibilidade de realizar as obras solicitadas.

i) Ficha SIXPAC da parcela obxecto de solicitude de axuda no caso de actividades dos grupos: II, III e IV.

2. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza poderá requirir motivadamente, consonte prevé o artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, calquera documentación aclaratoria necesaria en relación coas subvencións que se van outorgar.

3. A presentación da solicitude da axuda ou subvención polo interesado, segundo o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a autorización ao organismo xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia. A dita comprobación realizarase antes de ditar a resolución da concesión como na tramitación do pagamento. En todo caso, o solicitante deberá estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. Declaración sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, segundo o modelo que figura no anexo V.

Artigo 7º.-Tramitación.

Os servizos de conservación da natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, no prazo máximo de corenta e cinco días contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes de axuda, emitirán un informe en que se determine o alcance e contido das repercusións ambientais da acción ou proxecto, a complementariedade e integración do proxecto e actuación solicitada coas previstas no Plan de ordenación dos recursos Naturais do parque natural correspondente, da incidencia no desenvolvemento sustentable do parque natural e a súa contorna e das accións realizadas na súa zona de influencia socioeconómica, así como que a acción ou actividade que se vai desenvolver se axusta aos criterios de elixibilidades previstos nesta orde. Neste informe valoraranse especialmente a incidencia das accións nos hábitats, na flora e na fauna, a repercusión sobre o emprego na contorna do parque natural e no fomento do turismo sustentable.

Artigo 8º.-Criterios xerais de valoración.

Os criterios de avaliación de proxectos serán os seguintes:

| Criterios de avaliación das actividades subvencionables | | Puntos |
|---|---|---------------|
| 1. Consonte coa natureza dos solicitantes. | Explotacións integradas na denominada agricultura ecolóxica. | 20 puntos |
| | Explotacións situadas en zonas da Rede Natura 2000. | 15 punto |
| | Explotacións cuxo titular sexa agricultor profesional. | 10 puntos |
| | Proxectos presentados por entidades asociativas. | 5 puntos |
| 2. Consonte cos obxectivos sinalados para cada un dos grupos subvencionables. | Grupo I | Ata 30 puntos |
| | Grupo II | Ata 20 puntos |
| | Grupo III | Ata 10 puntos |
| | Grupo IV | Ata 10 puntos |
| | Grupo V | Ata 5 puntos |
| 3. Consonte o contido e a calidade do proxecto ou memoria presentada. | | Ata 20 puntos |
| 4. Consonte co ámbito territorial de aplicación, se a acción proposta está. | Dentro do territorio do parque natural. | 15 puntos |
| | Fóra do parque natural pero no ámbito xeográfico de parroquias con territorio incluído total ou parcialmente no parque natural. | 10 puntos |
| | Fóra do ámbito xeográfico de parroquias con territorio incluído total ou parcialmente no parque natural, pero en concellos da súa área de influencia socioeconómica. | 5 puntos |
| 5. Consonte coa residencia ou titularidade dos terreos. | Se o solicitante é residente en terreos dentro do parque natural | 15 puntos |
| | Se o solicitante é residente en terreos de fóra do parque natural, pero no ámbito xeográfico de parroquias con territorio incluído total ou parcialmente no parque natural | 10 puntos |
| | Se o solicitante é residente fóra do ámbito xeográfico de parroquias con territorio incluído total ou parcialmente no parque natural, pero en concellos da súa área de influencia socioeconómica. | 5 puntos |

Artigo 9º.-Baremación.

1. As axudas solicitadas serán baremadas segundo os criterios xerais de valoración establecidos no artigo 8º desta orde e unicamente se terán en conta aquelas que acaden unha puntuación igual ou superior a 65 puntos.

2. A puntuación máxima que poderán acadar os solicitantes da axuda é de 130 puntos.

3. A dispoñibilidade orzamentaria asignada a esta convocatoria limitará o número de expedientes que se van aprobar. Neste senso, ordenaranse os investimentos solicitados de acordo cos criterios do baremo indicado, aprobándose estes investimentos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento.

De existir empate, ordenaranse segundo a contía do investimento, tendo prelación a menor contía. De persistir o empate, prevalecerá o número máis baixo que forman as catro últimas cifras do DNI ou CIF do titular do terreo.

4. Os servizos de conservación da natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural procederán a avaliar e propoñer unha barema-

ción das solicitudes susceptibles de subvención en cada parque natural.

5. Unha vez recibidos estes informes na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, procederase á súa baremación definitiva por unha comisión de valoración presidida polo titular da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, sendo membros da devandita comisión as persoas titulares da Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade, da Xefatura do Servizo de Conservación de Espazos Naturais e da Xefatura da Sección de Espazos Naturais nos servizos centrais. Este último actuará como secretario. Auxiliará o secretario un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Conservación da Natureza designado para para o efecto polo seu titular.

Se algún dos membros da comisión non puider participar nunha sesión, por calquera causa, será substituído por un funcionario ou funcionaria desta mesma dirección xeral designado ao efecto polo seu titular.

A comisión de avaliación dará traslado das súas propostas de resolución ao conselleiro do Medio Rural, a quen lle corresponderá ditar a resolución do procedemento.

Cando o importe da subvención da proposta de resolución sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, aplicarase o disposto no artigo 25º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A proposta de resolución fará mención aos solicitantes para os cales se propón a concesión da subvención e a contía desta de modo individualizado, especificándose a súa avaliación segundo a aplicación dos criterios seguidos para efectuala. As solicitudes para as cales se propoña a súa denegación relacionaranse con indicación da súa causa.

Artigo 10º.-*Distribución do crédito.*

1. A distribución do crédito dispoñible para cada grupo de beneficiarios realizarase entre os distintos parques naturais da comunidade segundo criterios de superficie do parque natural e poboación do padrón municipal dos concellos (Fonte: Datos do Instituto Galego de Estatística do 28/12/2009) que teñan parte do seu territorio dentro do perímetro do parque natural. A devandita distribución axustarase ás porcentaxes da táboa:

| <u>Parque natural</u> | <u>Porcentaxe</u> |
|--|-------------------|
| Fragas do Eume | 23% |
| Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán | 17% |
| Enciña da Lastra | 3% |
| Invernadeiro | 4% |
| Monte Aloia | 11% |
| Baixa Limia-Serra do Xurés | 42% |
| Total | 100% |

Se nalgún dos parques non se esgotar o crédito dispoñible para un grupo de beneficiarios, este será repartido entre os outros parques para o mesmo grupo de beneficiarios.

Artigo 11º.-*Inspección previa.*

En todas as solicitudes consideradas como susceptibles de subvención, o persoal técnico do Servizo de Conservación da Natureza do departamento territorial da Consellería do Medio Rural que corresponda realizará unha inspección previa, na cal observará se a acción ou proxecto se axustan á realidade física e económica, e con especial atención a que a acción ou actividade para a que se solicitou a axuda ao abeiro desta orde non estea iniciada con anterioridade á data de outorgamento da subvención.

Artigo 12º.-*Resolución das solicitudes de axudas.*

1. As solicitudes de axudas serán resoltas polo conselleiro do Medio Rural.

2. O prazo máximo para resolver será de seis meses, que comezarán a contar desde o mesmo día da publicación da convocatoria. Consonte o establecido no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se dite a resolución expresa, os solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude nos termos previstos no artigo 44º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992; sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente de acordo co disposto no artigo 42.1º do mencionado texto legal.

3. A resolución do conselleiro do Medio Rural porá fin á vía administrativa, polo que procederá a interposición do recurso potestativo de reposición perante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza a notificación da resolución ou de tres meses contados a partir do día seguinte en que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo coa lexislación da xurisdición contencioso-administrativa.

4. Así mesmo, as resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións, Axudas e Convenios e, de ser o caso, no Rexistro Público de Sancións, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin da ordenación e coñecemento da actividade de subvencións en Galicia. Os datos incorporados a eles poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado. No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

Artigo 13º.-*Aceptación.*

De renunciar á subvención concedida, o beneficiario, no prazo de dez días naturais contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, deberá notificalo á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, (modelo en anexo IV).

Se non o fixer así no indicado prazo, entenderase que a acepta esta.

No caso de renuncias por parte de beneficiarios, poderanse ditar novas resolucións en función das disponibilidades orzamentarias derivadas das renuncias, sempre que existan solicitantes que superando o mínimo establecido no artigo 9º, non obteñan a puntuación suficiente, en aplicación dos criterios de valoración, para ser beneficiarias da subvención.

Artigo 14º.-*Publicidade.*

1. Deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas cando o importe delas individualmente consideradas sexa igual ou superior aos 3.000 €. Para as de contía inferior, a relación das concedidas e denegadas farase pública a través da páxina web da Consellería do Medio Rural <http://mediorural.xunta.es>, nos termos establecidos no artigo 13, puntos 3º e 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e tamén as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

2. Así mesmo, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa exixencia de publicidade da axuda concedida ao abeiro do disposto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Deste xeito, e sempre e cando a execución da actividade o permita, esta deberá facer referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identificativos desta orde, que deberán ir acompañados polo logotipo oficial da Xunta de Galicia e da Consellería do Medio Rural.

Tamén deberá pór un cartel, en lugar ben visible, preferentemente no acceso ao recinto, nos casos das subvencións concedidas para investimentos materiais (anexo VI).

3. No caso de actuacións financiadas con fondos Feader, en todo ou en parte, consono o establecido no artigo 58 e no anexo VI do Regulamento (CE) 1974/2006, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo VI do devandito regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionables cun custo superior aos 50.000 €, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa, no mesmo cartel que o descrito no punto 2º deste artigo, na cal figurará unha descrición do proxecto así como a bandeira europea e o lema

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais.

Artigo 15º.-*Requisitos.*

1. As obras obxecto de subvención deberán axustarse á lexislación vixente e, en particular, aos instrumentos de planificación e xestión dos parques naturais en cuestión. Neste mesmo senso, o interesado deberá contar no momento do inicio dos traballos coas licenzas e autorizacións preceptivas que sexan exixibles polas diferentes administracións públicas competentes e entidades vinculadas ou dependentes destas ao abeiro da normativa sectorial que poida resultar de aplicación.

As actividades que se realicen cumprirán co condicionado establecido no anexo VII.

2. Os beneficiarios teñen a obriga de levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas á operación subvencionada.

3. O beneficiario poderá subcontratar, totalmente, a actividade ou acción subvencionada, respectando en todo caso as prescricións contidas no artigo 27º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento. En ningún caso poderanse subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

4. A finalidade ou función da actividade ou obra deberá manterse durante un prazo mínimo de cinco anos, cando proceda.

5. Os investimentos obxecto de subvención de carácter anual deberán realizarse no prazo que se indique na resolución de adxudicación. Excepcionalmente, o conselleiro do Medio Rural poderá conceder unha prórroga que non poderá exceder da metade do prazo concedido, de conformidade co disposto no artigo 49.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Como data máxima para a xustificación dos investimentos establécese o 30 de setembro para o ano 2010 e o 30 de setembro para o ano 2011. A xustificación dos gastos realizarase, en todo caso, consono o preceptuado no artigo seguinte.

6. Os beneficiarios deberán colocar no lugar onde se realicen as obras un cartel ou placa resistente á intemperie que indique que a obra se está a levar a cabo cunha subvención da Consellería do Medio Rural. No caso de que a obra estea financiada, en todo ou en parte, con fondos Feader, aplicarase o establecido no punto 3º do artigo 14 desta orde. En calquera caso, os anagramas e logotipos respectarán as características descritas no anexo VI.

O cartel será por conta do beneficiario e, unha vez rematada a obra, deberá permanecer en lugar visible por un prazo non inferior a un ano. Posteriormente será retirado polo beneficiario.

7. As axudas recollidas nesta orde son incompatibles coas acollidas a Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e se convocan para os anos 2010 e 2011. Serán compatibles con calquera outra destinada aos mesmos fins, sempre que o total das subvencións non supere o custo total do investimento solicitado.

Artigo 16º.-Xustificación e aboamento.

1. Unha vez efectuado o investimento ou efectuado o gasto ou a actividade, o beneficiario deberá solicitar ao departamento territorial competente en materia de conservación da natureza o aboamento do importe da axuda logo da xustificación, en documento orixinal.

2. Os servizos de conservación da natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural deberán certificar, na inspección final, que os investimentos se realizaron de acordo coa resolución aprobada.

3. No caso de execucións parciais da actividade e sempre e cando non comprometan a finalidade da actividade obxecto da subvención, detraeráse da axuda inicialmente concedida a parte proporcional da actividade non executada. Do mesmo xeito, se o custo xustificado da actividade ou investimento fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírse proporcionalmente o seu importe.

4. Xunto coa notificación do remate dos traballos, o beneficiario deberá achegar, para os efectos de xustificación da actividade ou acción subvencionada, as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do investimento, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento e, de ser o caso, na normativa comunitaria aplicable. As facturas marcaranse cun selo indicando nel a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificado se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención. Ademais, presentarase dalgún dos seguintes documentos xustificativos do pago:

a) Xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo por portelo, certificación bancaria, etc.) en que conste de xeito expreso o número da factura obxecto de pagamento, identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura, e con data anterior á de xustificación dos traballos e a cantidade ou cantidades que figuren nas devanditas facturas.

b) Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio, etc.)

presentarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, e a documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto, etc.) en que conste claramente que este efecto foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

c) Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto, por provedor non supere os 1.000 €. Neste caso o pagamento xustificárase mediante certificación expresa, asinada, datada e selada polo provedor, en que se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado, así como o compromiso do provedor de someterse ás actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pagamento.

d) Para gastos que non superen os 300 € admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo provedor na cal figure a expresión recíbil en metálico.

e) No caso de que o beneficiario realice os traballos polos seus propios medios, deberá presentar un documento xustificativo de ter realizado os traballos polos seus propios medios (horas de traballo/superficie, custo hora...), de posuír a maquinaria ou outros medios cos que realizar os traballos e os xustificantes de gastos polo importe total dos investimentos.

5. No momento de xustificación da execución total ou parcial do proxecto, con anterioridade ao pagamento, o beneficiario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (anexo V).

6. No caso de subvención concedida para actividades das recollidas no grupo V do artigo 2.1º desta orde, o beneficiario deberá presentar dous exemplares do material editado e máis dúas copias deste en formato dixital.

7. A tramitación do pagamento das axudas realizarase tras a inspección previa do persoal técnico dos servizos de conservación da natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural e emisión da certificación correspondente, unha vez cumpridos todos os requisitos establecidos na presente orde.

8. En todo caso, a realización do pagamento das subvencións incluídas nesta orde respectará os preceptos do artigo 31º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, podéndose realizar pagamentos parciais que se efectuarán de acordo co disposto ao respecto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 17º.-Control.

1. A Consellería do Medio Rural poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino

das axudas e o cumprimento dos fins para as que foron concedidas. En consecuencia, os servizos de conservación da natureza dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde se realizasen as actividades, mesmo con carácter previo á concesión das axudas, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canda documentación se considere necesaria para comprobar a axeitada execución das actividades que fosen obxecto das axudas.

2. O beneficiario someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro dos investimentos subvencionados por parte da Consellería do Medio Rural, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e, no caso de actividades financiadas con fondos comunitarios, ás instancias de control comunitarias con suxeición tanto ao Regulamento CE 1975/2006 da Comisión coma ao Plan galego de controis en canto a procedementos de control en relación coas medidas cofinanciadas con Feader.

Artigo 18º.-*Modificación.*

1. No caso de que o beneficiario pretenda realizar algunha modificación que afecte a natureza do investimento inicialmente previsto, deberá solicitalo previamente ao conselleiro do Medio Rural, que só autorizará aquelas que non desvirtúen o obxecto da acción subvencionada.

2. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e segundo o establecido na normativa que regula o seu desenvolvemento.

Artigo 19º.-*Revogación e reintegro.*

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 16º desta orde e na lexislación aplicable en materia de subvencións.

d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión e publicidade contidas nos artigos 14º e 15.4º desta orde.

e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro incluídas nesta orde e no resto da lexislación aplicable en materia de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f) Incumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes adquiridos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

i) Incumprimento de calquera das obrigas do beneficiario incluídas nesta orde e na normativa que resulta de aplicación.

2. Nestes supostos, a consellería reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora reportados desde o seu pagamento, sen prexuízo das responsabilidades a que houber lugar.

No caso de que a actividade estea subvencionada, en todo ou en parte, con fondos Feader, se se descobre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recuperaranse todos os importes aboados polo dito expediente. Ademais, o beneficiario quedará excluído do Feader de que se trate durante o exercicio do Feader seguinte.

3. Nos casos de anulación ou minoración por certificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderan-

lles ser adjudicadas a outros beneficiarios de acordo coa relación de prioridades e orde establecida.

4. Naqueles supostos nos cales o importe das subvencións recibidas polo beneficiario excedan os custos da actividade procederase a solicitar a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

5. En todos caso, o procedemento de reintegro observará as prescricións contidas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da antedita Lei.

Artigo 20º.-*Aplicacións orzamentarias.*

1. As axudas reguladas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 13.06.541 B. 760.4 no caso de que o beneficiario sexa unha entidade local e finánciase con fondos propios, 13.06.541 B 760.3 no caso de que o beneficiario sexa unha entidade local e finánciase con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007 -2013 (PDR) cun cofinanciamento do Fondo Feader do 57,56%, 13.06.541 B. 770.0 no caso de que o beneficiario sexa unha empresa e 13.06.541 B. 780.0 no caso de particulares.

As actividades do grupo V do artigo 2º desta orde financiaranse con fondos propios exclusivamente.

As dotacións iniciais para cada aplicación orzamentaria e segundo sexa a fonte de financiamento fondos propios ou con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 (PDR) que conta cun cofinanciamento do Fondo Feader do 57,56%, indícanse na seguinte táboa:

| Aplicación orzamentaria | Anualidade 2010 | | | Anualidade 2011 | | |
|-------------------------|-----------------|---------------|-----------|-----------------|---------------|---------|
| | Fondos propios | Fondos do PDR | Total | Fondos propios | Fondos do PDR | Total |
| 13.06.541-B.760.4 | 80.000 | | 80.000 | 40.000 | | 40.000 |
| 13.06.541-B.760.3 | | 1.000.000 | 1.000.000 | | 530.000 | 530.000 |
| 13.06.541-B.770.0 | 58.000 | 150.000 | 208.000 | 25.000 | 65.000 | 90.000 |
| 13.06.541-B.780.0 | 180.000 | 450.000 | 630.000 | 180.000 | 450.000 | 630.000 |

2. Estas dotacións orzamentarias poderán incrementarse en función das disponibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións.

3. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina nesta orde sen que se leve a efecto unha nova convocatoria, agás que o incremento do crédito veña producido polas seguintes circunstancias:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

4. No caso de que as axudas se concedan para máis dun exercicio orzamentario, o prazo para a

finalización e xustificación das actuacións será o indicado na resolución da concesión.

Artigo 21º.-*Infraccións e sancións.*

Aos beneficiarios seralles de aplicación, nos seus propios termos, o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Consellería do Medio Rural poderá reproducir, almacenar e distribuír por calquera medio, electrónico, en soporte papel ou outros semellantes, a información obtida e os traballos subvencionados mediante esta orde de convocatoria de axudas, citando as fontes dos titulares dos dereitos de propiedade intelectual, respectando, en todo caso, as prescricións contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segunda.-No caso de que, atendidas as solicitudes presentadas nesta convocatoria, haxa un remanente de crédito, poderase reabrir o prazo, tantas veces como se coide oportuno, ata esgotar a consignación orzamentaria, por orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*, para a presentación de novas solicitudes.

Terceira.-Delégase no secretario xeral da Consellería do Medio Rural o exercicio da competencia para resolver as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 12.1º, conforme o disposto no artigo 13º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a modificación da dita resolución.

Disposición derogatoria

Única.-Queda derogada a Orde do 23 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2008-2009, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións da poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG. nº 85, do 5 de maio)

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA

FEADER:
Europa inviste
no rural



XACOBEO
2010

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE AXUDAS EN MATERIA DE CONSERVACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E FOMENTO DE ACCIÓNS DA POBOACIÓN LOCAL PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DOS PARQUES NATURAIS | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR819A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

DATOS DEL SOLICITANTE

| | | | | | |
|---|--|---------------|----------|-----|-----------|
| TIPO DE SOLICITANTE | | | | | |
| <input type="checkbox"/> PROPIETARIOS OU RESIDENTES | <input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN | | | | |
| <input type="checkbox"/> ASOCIACIÓNS/AGRUPACIÓNS | <input type="checkbox"/> EMPRESAS | | | | |
| <input type="checkbox"/> CONCELLOS | <input type="checkbox"/> TITULARES OU ARRENDATARIOS DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS OU GANDEIRAS | | | | |
| NOME | | | | | CIF/NIF |
| ENDEREZO | | | | | PROVINCIA |
| LOCALIDADE | PARQUE NATURAL | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | |

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

| | | | | | |
|------------|----------------|---------------|----------|-----|-----------|
| DON/DONA | | | | | CIF/NIF |
| ENDEREZO | | | | | PROVINCIA |
| LOCALIDADE | PARQUE NATURAL | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | |

DENOMINACIÓN E ORZAMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

| |
|--|
| |
|--|

DESCRIPCIÓN SINTÉTICA DA ACTUACIÓN

| |
|--|
| |
|--|

Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que a desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade e residencia no Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia do Ministerio da Presidencia. SI NON

| | | | |
|---|-----------------------------------|---------------------|----------------------|
| LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 10 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011, para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia. - Regulamento CE/1698/2005 Feader. | (Para cubrir pola Administración) | | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| | RECIBIDO | REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA |
| SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA | | | DATA DE EFECTOS |
| Lugar e data | | | DATA DE SAÍDA |

OBXECTO DA SOLICITUDE

- Grupo I: mellora da paisaxe agraria e desenvolvemento de usos recreativos.
- Grupo II: recuperación de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional.
- Grupo III: preservación de hábitats ou ecosistemas.
- Grupo IV: loita contra a erosión.
- Grupo V: accións de educación ambiental, fomento da sensibilización ambiental.

*ANEXO II***DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA****1.- PARA TODO TIPO DE SOLICITANTE**

- a) Fotocopia do DNI ou CIF compulsado. (Só no caso de non autorizar a consulta electrónica dos datos de identidade).
- b) Acreditación de representación, se procede.
- c) Certificación bancaria orixinal.
- d) Dúas copias de anteproxecto ou memoria asinado por técnico competente (deberán conter, como mínimo, a descrición dos traballos ou actividades, planos de situación e detalle, orzamento detallado, calendario e prazo aproximado de execución).
- e) Certificado de empadramento. (Só no caso de non autorizar a consulta electrónica dos datos de residencia).
- f) Documentación, autorizacións e permisos correspondentes para levar a cabo a intervención ou, polo menos, a súa solicitude.
- g) Solicitude orixinal asinada.
- h) Documentación sobre axudas públicas ou privadas concedidas ou solicitadas que sexan concorrentes na solicitude presentada.
- i) Ficha SIXPAC da parcela obxecto de solicitude de axuda no caso de actividades dos grupos II, III, IV.

2.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA SEGUNDO A NATUREZA DO SOLICITANTE

- Acreditación da titularidade dos predios ou certificación do titular para a súa dispoñibilidade.
- No caso de arrendatarios, documento que acredite a condición.
 - Acreditación do carácter de explotación integrada na denominada agricultura ecolóxica.
 - Acreditación de que o titular da explotación sexa agricultor profesional.
- No caso de montes veciñais en man común,
 - Certificación de acordo da asemblea xeral conforme autoriza a xunta reitora para solicitar axudas.
- No caso de asociacións:
 - a) Acordo da xunta de goberno ou figura similar para solicitar axudas á Consellería do Medio Rural.
 - c) Certificación do concello ou semellante que acredite que máis do 50% dos socios reside nalgún concello do parque natural.
- No caso de agrupacións: escrito de constitución da agrupación en que figuren todos os membros cos datos completos: nome, DNI, enderezo e representante legal elixido.
- No caso de empresas ou autónomos:
 - a) Documento acreditativo que xustifique estar de alta no IAE, cando proceda. No caso de que non proceda, certificado do concello conforme realiza a súa actividade no parque natural correspondente.
 - b) Acreditación de posuír a sede social nalgún municipio do parque natural correspondente.
- No suposto de que o terreo obxecto dos traballos sexa propiedade de varios copropietarios, deberá presentar:
 - a) Acreditación da titularidade do terreo de cada propietario.
 - b) Documento que acredite o consentimento de todos os copropietarios.
 - c) Representación do solicitante para realizar a acción obxecto da subvención.

ANEXO III

CERTIFICACIÓN BANCARIA

| | | | |
|---|---|----------------------|----------------------|
| NOME OU RAZÓN SOCIAL | | NIF/CIF | |
| <input type="text"/> | | <input type="text"/> | |
| ENDEREZO: RÚA OU PRAZA, PARROQUIA E LUGAR | | | |
| <input type="text"/> | | | |
| PROVINCIA | CONCELLO | | CÓDIGO POSTAL |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | <input type="text"/> |
| CÓDIGO BANCO | CÓDIGO SUCURSAL | DÍXITOS CONTROL | NÚMERO CONTA |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| ENTIDADE BANCARIA | ENDEREZO: RÚA OU PRAZA, CONCELLO, PROVINCIA | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | |
| TITULAR DA CONTA | | | NIF/CIF |
| <input type="text"/> | | | <input type="text"/> |

DECLARACIÓN XURADA

| | | | |
|--|----------------------|-----------|----------------------|
| Don/Dona | <input type="text"/> | con DNI | <input type="text"/> |
| e enderezo na rúa: | <input type="text"/> | | |
| concello: | <input type="text"/> | provincia | <input type="text"/> |
| DECLARA BAIXO XURAMENTO | | | |
| Que reúne os requisitos exixidos pola presente orde. | | | |
| Que son certos os datos que figuran na súa solicitude. | | | |
| Que se compromete, en caso de que se lle conceda, a cumprir as condicións xerais establecidas na dita orde e nas particulares establecidas na resolución da concesión. | | | |
| Que, en caso de incumprimento dalgunha das condicións, se compromete a reintegrar á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a cantidade percibida, sen prexuízo da aplicación da normativa que, se é o caso, proceda. | | | |
| _____, de _____ de _____ | | | |
| O solicitante | | | |
| Asdo.: | | | |

ANEXO IV

RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Don/Dona/Entidade/Asociación/Empresa

con DNI

Renuncia á subvención que por importe de lle foi concedida ao abeiro da Orde do pola que se regulan axudas en materia de conservación dos recursos naturais e fomento de accións da poboación local para o desenvolvemento sustentable dos parques naturais.

Para a realización da subvención

Número expediente:

_____, de _____ de _____

(Sinatura)

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

ANEXO V

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

D./Dª , con DNI

actuando en representación:

propia

do (concello, asociación, empresa...) , con CIF

En calidade de (cargo que ten na entidade representada)

Con domicilio en , localidade

provincia: concello e código postal

DECLARA:

Que **non** obtivo ningunha outra axuda das administracións públicas españolas ou comunitarias para a mesma finalidade que á solicitada ao abeiro da Orde de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011 para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que **si** obtivo ou ten solicitado as seguintes axudas das administracións públicas españolas ou comunitarias para a mesma finalidade que á solicitada ao abeiro da Orde de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras, así como a súa convocatoria para os anos 2010-2011 para a concesión de axudas en materia de conservación dos recursos naturais e o fomento de accións para a poboación local para o desenvolvemento sustentable dos espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

| ORGANISMO CONCEDENTE | NORMA DA CONVOCATORIA REGULADORA | FINALIDADE | IMPORTE DA AXUDA | SITUACIÓN ACTUAL DA AXUDA |
|----------------------|----------------------------------|----------------------|----------------------|---------------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

Lugar e data _____, de _____ de 20____

Asdo.:

ANEXO VI

CARTEL DE PUBLICIDADE DAS OBRAS



FEADER: Europa inviste no rural

| | |
|---------------------|--|
| PROXECTO: | XX |
| PROMOTOR: | XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX |
| INVESTIMENTO: | XXXXXXXXXXXXXXXX |
| IMPORTE DA AXUDA: | XXXXXXXXXXXXXXXX |
| CONSTRUTOR: | XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX |
| LICENZA: | XXXXXX |
| PRAZO DE EXECUCIÓI: | XXXXXXXXXXXX |

Medida 216/ PDR Galicia 2007 - 2013

Axuda a investimentos non produtivos

Dimensións do cartel:

Altura 0,8 metros, largo 1,5 metros

Altura desde o bordo inferior ao chan 1,5 metros

ANEXO VII**Condicionado das accións**

1. Limpeza, restauración de camiños.

Para a realización destas actuacións deberase ter en conta o seguinte:

-Na reparación do firme, os traballos axustaranse á mellora da explanación existente, sen producir modificacións no trazado nin na largura das vías.

-Exclúese a achega de materiais aglomerados, asfálticos, formigón ou similares.

-O acondicionamento de foxos non afectará os noiros adxacentes nin as árbores próximas.

-Poderase actuar nun máximo de 250 metros lineais de camiño por cada 10 ha de terreo.

2. Protección e restauración de elementos de valor patrimonial nas explotacións agrícolas.

-Realizarase a adecuación paisaxística dos elementos mediante a instalación de cubertas tradicionais, revestimentos de fachadas con materiais pro-

pios da zona e adecuación das portas, portóns, fiestras paisaxisticamente asumibles.

3. Preservación da vexetación de ribeira e filtros verdes.

-Creación de ripisilvas de estrutura complexa, de mais de 10 metros de largura, con vistas a aumentar a calidade ecolóxica das beiras dos ríos, regos e regatos, en tramos onde este tipo de ecosistema fose substituído.

-A repoboación farase con especies ripícolas propias da vexetación natural do contorno, respectándose a vexetación autóctona preexistente.

4. Mantemento de sebes.

-Os sebes deben atoparse entre parcelas ou en bordos non cultivados

-As especies que se utilizarán serán frondosas autóctonas da zona


5. Terán cando menos 1,5 metros de largo.

ANEXO VIII

MEMORIA

1. Descrición detallada das actuacións

| | |
|--|--|
| Concello de <input style="width: 95%;" type="text"/> | Provincia <input style="width: 95%;" type="text"/> |
| Denominación da actuación (título) <input style="width: 98%; height: 20px;" type="text"/> | |
| Localización das actuacións | |
| PARROQUIA E LOCALIDADE <input style="width: 98%; height: 20px;" type="text"/> | |
| LOCALIZACIÓN <input style="width: 98%; height: 20px;" type="text"/> | |
| Resumo descrición <div style="border: 1px solid black; height: 60px; width: 98%;"></div> | |
| Destino previsto da obra ou actuación <div style="border: 1px solid black; height: 60px; width: 98%;"></div> | |
| Proxecto técnico básico (obras): <input type="checkbox"/> Necesario <input type="checkbox"/> Non necesario | |
| Acreditación da titularidade, dispoñibilidade ou cesión: <input type="checkbox"/> Acompañase <input type="checkbox"/> Non necesaria | |
| Ben catalogado: <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si. Achégase autorización da <input style="width: 580px;" type="text"/> | |
| Outras autorizacións administrativas <input type="checkbox"/> Non necesarias. Xúntase certificación en tal sentido <input type="checkbox"/> Si. Achégase autorización de <input style="width: 580px;" type="text"/> | |
| Memoria descrittiva e detallada das actuacións <div style="border: 1px solid black; height: 250px; width: 98%;"></div> | |



2. Razóns de oportunidade da actividade que se van realizar.

3. Alternativas seleccionadas.

| |
|--|
| |
|--|

4. Resumo do orzamento desagregado, co IVE desagregado (nota: o orzamento deberá presentarse desagregado e detallado por unidade de actuación en folla á parte)

| |
|--|
| |
|--|

5. Modalidade de execución

| |
|--|
| |
|--|

6. De ser o caso, cartografía (planos de localización e de detalle, que se presentarán en follas á parte)

7. No caso de publicacións, obras, sinais, exposicións, etc:

| | |
|---------------------------|--|
| <u>Características</u> | |
| <u>Dimensións</u> | |
| <u>Materiais</u> | |
| <u>Calidades</u> | |
| <u>Acabamentos</u> | |
| <u>Número de unidades</u> | |

8. No caso de publicacións, obradoiros, xornadas, cursos, exposicións, etc.: (só no caso de actuacións do grupo V)

| | |
|--|--|
| <u>Título</u> | |
| <u>Contidos</u> | |
| <u>Equipo de elaboración (titulacións)</u> | |

9. No caso de cursos, obradoiros, xornadas, exposicións, etc.: (só no caso de actuacións do grupo V)

| | |
|---|------------------|
| <u>Título do curso, obradoiro ...</u> | |
| <u>Datas estimadas celebracións</u> | |
| <u>Localidades en que se impartirá/exporá</u> | |
| <u>Dirixido a (sector de poboación)</u> | |
| <u>Nº de días por curso/celebración</u> | |
| <u>Nº de cursos/celebracións</u> | |
| <u>Nº de participantes</u> | <u>Por curso</u> |
| | <u>Total</u> |
| <u>Actividade</u> | |